

Inicio da Campaña para o control da *THAUMETOPOEA PITYOCAMPA* (PROCESIONARIA DO PIÑEIRO)

INTRODUCCIÓN.

A procesionaria do piñeiro (*Thaumetopoea pityocampa*) é un lepidóptero defoliador, que se alimenta durante a maior parte do seu ciclo biolóxico das follas dos piñeiros, ocasionando a perda de agullas, e principalmente perda de crecemento e debilidade nos pés defoliados.

O ciclo biolóxico non se desenvolve nas mesmas datas en todos os montes, dependendo principalmente da climatoloxía. Ademais, vese afectado polas condicións meteorolóxicas do momento.

A bolboreta ou imago sae do solo para facer a posta ó longo do verán (xuño a setembro das zonas máis frías ás máis cálidas), rapidamente aparease, e comeza a posta que se efectúa en forma de canutos envolvendo cos ovos as dúas agullas da mesma vaina. A súa posta é de 120 a 300 ovos sempre elixindo os piñeiros que van a resultar mellores para as futuras larvas, especialmente soleados, en bordes de accesos, e onde non existan postas.

No meses de Maio-Xuño, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a través dos Distritos Forestais, realiza a colocación de trampas con feromonas de atracción sexual para o monitoreo, e así poder realizar unha curva de voo do imago que logo servirá para calcular o momento idóneo dos tratamentos, que se realizarán en outono.

As eirugas comezan a formarse a comezos de setembro, logo forman un grupo que se protexe con fíos de seda sen aparencia de bolsón, sendo fáciles de localizar pola cor ocre das acículas próximas, que son as primeiras que comen. Pasan por cinco estadios de desenvolvemento, e sempre separados por unha muda de crecemento. No cuarto ou quinto estadio, os danos ocasionados pola súa voracidade, poden ser importantes, estando sempre en relación co número de eirugas e o alimento dispoñible. Cando este último é escaso, poden ocasionar a defoliación completa dos piñeiros e causarlles a morte.

A finais do inverno e comezo da primavera, cando o seu desenvolvemento xa está completo, baixan das árbores formando unha "procesión", de aí o seu nome vulgar. Esta procesión vai sempre guiada por unha femia, e unha vez localizado o sitio adecuado entérranse no chan, onde completan o ciclo mediante a crisalidación. Os ataques ás masas nunca son mediante unha invasión masiva, se non que comeza con ataques nas zonas máis soleadas, bordes da masa, perímetros de pistas forestais ou en estradas.